

Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 23 de marzo de 2022, da Universidade da Coruña, para publicar o nomeamento dos membros suplentes das comisións de valoración do concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos desta Universidade, convocado pola Resolución do 16 de decembro de 2021.

Mediante a Resolución do 16 de decembro de 2021 (DOG do 28 de decembro), convocouse o concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos desta Universidade.

Por Resolución do 4 de marzo de 2022 (publicada o 7 de marzo), nomeouse a composición das comisións de valoración do concurso, cos membros titulares.

Esta Xerencia no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020,

RESOLVE:

Publicar o nomeamento dos membros suplentes das comisións de valoración, que figuran no anexo desta resolución, que valorarán os méritos das persoas aspirantes aos postos de traballo convocados no concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos desta Universidade.

Estas comisións terán dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría primeira, segundo o establecido no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo).

A Coruña, asinado dixitalmente
O xerente da Universidade da Coruña

Ramón del Valle López

| Código Seguro De Verificación | XrkRLybmE9g5suGHbUU1oA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 23/03/2022 12:18:13 |
| Observacións | | Páxina | 1/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/XrkRLybmE9g5suGHbUU1oA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO

Comisión de valoración dos méritos xerais. Membros suplentes:

Presidente:

Carmen Cartamil Obelleiro, funcionaria da Universidade da Coruña

Vogais:

Xaquín Lores Torres, funcionario da Universidade da Coruña

Juan Ramón Rego Álvarez de Mon, funcionario da Universidade da Coruña

Alberto Núñez Cardezo, funcionario da Universidade da Coruña

Manuel Costa Fernández, funcionario da Universidade da Coruña

Secretario:

Manuel Calvo Fariña, funcionario da Universidade da Coruña, que actuará con voz pero sen voto

Comisión de valoración dos méritos específicos. Membros suplentes:

Presidente:

Ramón José Noguerol Gómez, funcionario da Universidade da Coruña.

Vogais:

José Manuel Velo García, persoal laboral fixo do grupo I da Universidade de Santiago de Compostela

Blanca Padín Viaño, funcionaria da Universidade da Coruña

Concepción de Frutos Eiranova, funcionaria da Universidade de Santiago de Compostela

Secretario:

José Nodar Vázquez, funcionario da Universidade da Coruña

| Código Seguro De Verificación | XrkRLybmE9g5suGHbUU1oA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 23/03/2022 12:18:13 |
| Observacións | | Páxina | 2/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/XrkRLybmE9g5suGHbUU1oA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

